ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZASEIS DE MARZO DE DOUS MIL DEZAOITO

Na Casa do Concello de Valdoviño (no Salón de Sesións Plenarias) reúnese no día dezaseis de marzro de dous mil dezaoito a Corporación deste Concello para celebrar a sesión de carácter ordinario mensual con comezo ás vinte horas en primeira convocatoria. Preside a sesión o Sr. Alcalde don Alberto González Fernández, á que asisten os/as concelleiros/concelleiras que se citan: Dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa (PSdeF- PSOE); don José Antonio Vigo Lago, don Esteban García Alonso, don Jose Antonio Rodríguez Fernández e dona Mª Cristina Freire Aneiros do Partido Popular (PP); don Luís Manuel Beceiro Rodríguez de Centristas de Valdoviño (CENVAL); don Manuel Javier Bacorrelle Robles de Unidos por Valdoviño (U POR V), don Carlos Alberto Ameneiros Serantes de Bloque Nacionalista Galego (BNG). Non asistiu don Sergio Saavedra Guitierrez do PSdeG- PSOE.
Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose os siguintes acordos:

ORDE DO DÍA

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DE BORRADORES DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES: 16.02.18 (ORDINARIA); 26.02.18 (EXTRAORDINARIA E URXENTE)
Os borradores de actas reseñados, aprobaronse polo Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes a esas sesións.

2º.-DESIGNACIÓN DOS NOMES DAS RÚAS NO CONCELLO DE VALDOVIÑO.
/Ditamen da Comisión informativa de Planificación Territorial e Xestión Administrativa da sesión do 26.02.18/:

PROPUESTA DE ALCALDÍA:
"Visto que no Pleno de data 17 de abril do 2015, acordouse a aprobación da designación de varias rúas do Concello de Valdoviño.

Considerando que debe procederse á modificación do citado acordo e continuar así coa tramitación do expediente de designación de varias rúas do Concello de Valdoviño.

Visto o disposto no artigo 22.2b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, polo que resulta a competencia do pleno municipal

Esta alcaldía en vista das atribucións conferidas pola lexislación vixente propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO – Aprobar a denominación das rúas da Parroquia de Valdoviño de acordo cos planos recollidos na proposta e do seguinte tenor:

PROPOSTA DEFINITIVA PARA A DESIGNACIÓN DE NOMES A VARIAS RÚAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO

RÚA	NOME ASIGNADO
RÚA 1	RÚA PINTOR JOSÉ LEYRA DOMÍNGUEZ
RÚA 2	RÚA O GITANO
RÚA 3	RÚA CRUZ VERMELLA DO MAR
RÚA 4	RÚA JOSE TOUCEDA
RÚA 5	RÚA AS LAGARTEIRAS
RÚA 6	RÚA PENA DOS CORVOS
RÚA 7	RÚA DO CANAL
RÚA 8	RÚA DORNAVELLA
RÚA 9	RÚA POZO DO CURA
RÚA 10	RÚA RÍO MAIOR
RÚA 11	RÚA ILLA LAPELA
RÚA 12	RÚA RÍO FERRERÍAS
RÚA 13	RÚA CARRIZO
RÚA 14	RÚA RÍO FORCADAS
RÚA 15	RÚA DAS LAVANDEIRAS
RÚA 16	RÚA CHOUSA
RÚA 17	RÚA XUNCOS
RÚA 18	RÚA BOEIRO (DO)
RÚA 19	RÚA XUNQUEIRA
RÚA 20	RÚA POETA XERARDO "O INGLÉS"
RÚA 21	RÚA ESCRITOR VICENTE DÍAZ VEIGA
RÚA 22	RÚA ESPADANA
RÚA 23	RÚA CORUÑA
RÚA 24	RÚA PONTEVEDRA
RÚA 25	RÚA OURENSE
RÚA 26	RÚA LUGO
RÚA 27	RÚA COSTA ÁRTABRA
RÚA 28	RÚA FONTE DA AREA
RÚA 29	RÚA PRAÍA FROUXEIRA
RÚA 30	RÚA MUIÑO
RÚA 31	RÚA ILLOTE PERCEBELLEIRA
RÚA 32	RÚA ROBALEIRA (DA)
RÚA 33	RÚA PINTOR FRANCISCO IGLESIAS
RÚA 34	RÚA O BICO
RÚA 35	RÚA DO CARMEN
RÚA 36	RÚA DOS PESCADORES
RÚA 37	RÚA DOS MARISCADORES
RÚA 38	RÚA ESCRITORA PILAR CEBREIRO
RÚA 39	RÚA MARÍA MARIÑO
RÚA 40	RÚA ROSALÍA DE CASTRO
RÚA 41	RÚA BACORELLE

RÚA 42	RÚA EDUARDO PONDAL
RÚA 43	RÚA ALFONSO X EL SABIO
RÚA 44	RÚA RAMÓN OTERO PEDRAYO
RÚA 45	RÚA CELSO EMILIO FERREIRO
RÚA 46	RÚA Mª DEL MAR BECERRA MUIÑOS
RÚA 47	RÚA DA SAÚDE
RÚA 48	RÚA DA CULTURA
RÚA 49	RÚA DO ENSINO
RÚA 50	RÚA MEITUFE
RÚA 51	RÚA CASTELAO
RÚA 52	RÚA ZAPATEIRO
RÚA 53	RÚA CARREIRA (DA)
RÚA 54	RÚA DO GRAÑO
RÚA 55	RÚA LUIS PIMENTEL
RÚA 56	RÚA A MULA
RÚA 57	RÚA PAREDES (DAS)
RÚA 58	RÚA O ALEUTO
RÚA 59	RÚA ROBERTO VIDAL BOLAÑO
RÚA 60	RÚA NORDÉS
RÚA 61	RÚA CASTROS (OS)
RÚA 62	RÚA PENSO (DO)
RÚA 63	RÚA PEREIRO (O)
RÚA 64	RÚA ALDARETE (DE)
RÚA 65	RÚA POSTAMAIOR (DE)
RÚA 66	RÚA LADEIRA (DA)
RÚA 67	RÚA PRAIA ROSELA
RÚA 68	RÚA AS FALPUEIRAS
RÚA 69	RÚA PRAIA DOS CURAS
PRAZA UA Nº9	PRAZA GALICIA
RÚA 70	RÚA DAS CARRILANAS

SEGUNDO – Someter este acordo a un período de información pública por un prazo de vinte días mediante anuncio no BOP e o taboleiro de edictos do Concello. No caso de que non se presenten reclamacións elevarase a definitivo sen necesidade de novo acordo plenario.

TERCEIRO- Notificar este acordo a tódolos organismos aos que poida afectar o cambio de denominación.

Valdoviño, 19 de febrero de 2018.
O alcalde;
Alberto González Navarro."

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade acordou a aprobación do anterior ditame, de designación dos nomes das rúas do núcleo de Valdoviño, por votación ordinaria e maioría.
Votos favorables de todos os grupos municipais, agás do grupo do PP, que se abstén.

3º- COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE PARA OS EXPEDIENTES DE ADXUDICACIÓN DE OBRAS, NO CONCELLO DE VALDOVIÑO; CON ADAPTACIÓN Á LEI 9/2017, DO 8 DE NOVEMBRO DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO.-

Acordase a súa inclusión na Orde do Día por unanimidadedos presentes.

PROPOSTA AO PLENO DA CORPORACIÓN

"**Composición da Mesa de Contratación Permanente relativa aos contratos de obras no concello de VALDOVIÑO**

O 9 de marzo de 2018, entrou en vigor a Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

As disposicións Adicionais Segunda e Terceira da LCSP_2017 sinalan as especialidades da contratación no ámbito local, en canto á Mesa de Contratación, que deberá estar composta nos términos da citada Lei e disposicións.

Vista a Diposición Adicional Segunda que no seu punto 7 di:

7. La Mesa de contratación estará presidida por un miembro de la Corporación o un funcionario de la misma, y formarán parte de ella, como vocales, el Secretario o, en su caso, el titular del órgano que tenga atribuida la función de asesoramiento jurídico, y el Interventor, o, en su caso, el titular del órgano que tenga atribuidas la función de control económico-presupuestario, así como aquellos otros que se designen por el órgano de contratación entre el personal funcionario de carrera o personal laboral al servicio de la Corporación, o miembros electos de la misma, sin que su número, en total, sea inferior a tres. Los miembros electos que, en su caso, formen parte de la Mesa de contratación no podrán suponer más de un tercio del total de miembros de la misma. Actuará como Secretario un funcionario de la Corporación.

En las Entidades locales municipales, mancomunidades y consorcios locales, podrán integrarse en la Mesa personal al servicio de las correspondientes Diputaciones Provinciales o Comunidades Autónomas uniprovinciales.

En ningún caso podrá formar parte de las Mesas de contratación ni emitir informes de valoración de las ofertas, personal eventual. Podrá formar parte de la Mesa personal funcionario interino únicamente cuando no existan funcionarios de carrera suficientemente cualificados y así se acredite en el expediente.

La composición de la Mesa se publicará en el perfil de contratante del órgano de contratación correspondiente. Se podrán constituir Mesas de Contratación permanentes.

8. El comité de expertos a que se refiere la letra a) del apartado 2 del artículo 146 de la presente Ley, para la valoración de los criterios que dependan de un juicio de valor, podrá estar integrado en las Entidades locales por cualquier personal funcionario de carrera o laboral fijo con cualificación apropiada que no haya participado en la redacción

de la documentación técnica del contrato de que se trate. En todo caso, entre este personal deberá formar parte un técnico jurista especializado en contratación pública.

Sendo preciso a adaptación da Mesa de Contratación á nova Lei, anteriormente aludida,

Tendo en conta que a designación dos membros da Mesa de contratación poderá realizarse de xeito permanente ou de xeito específico para a adxudicación de cada contrato.

Tendo en conta o elevado número de contratos de obras que se tramitan neste Concello,

Considerando que no caso do Concello de Valdoviño, está plenamente xustificado a necesidade de incluír na mesma como vogal ao Arquitecto Municipal que ten a condición de funcionario interino, xa que de non incluírse so se contaría co Arquitecto Técnico (funcionario de carreira) o que imposibilitaría a celebración das mesas no caso de vacacións, baixas ou imposibilidade de acudir por parte do Arquitecto Técnico, polo que non se conta con persoal suficientemente cualificado entre os funcionarios de carreira. Igualmente resulta recomendable que a mesa de contratación conte cun número impar de membros a fin de evitar posibles situacións de empate.

A fin de adaptar a Mesa de contratación permanente de obras do Concello de Valdoviño á nova normativa de contratación, proponse ao Pleno do Concello a adopción do seguintes **acordos**:

Primeiro.– Constituir con carácter permanente a Mesa de contratación para os contratos de Obras no Concello de Valdoviño con adaptación á nova Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Segundo.–Designar como integrantes da Mesa de contratación ás persoas que a continuación se relacionan:

Presidencia: O alcalde, Alberto González Fernández. ou concelleiro/a no/a que delegue en caso de imposibilidade de asistencia.

Vogais: A secretaria xeral do Concello, Carlota González Navarro.
A Interventora municipal, Gema Leal Insúa
O arquitecto municipal, Carlos Abeledo González,
O funcionario de xestión orzamentaria, Senén Martínez Prieto.

Secretaria: a funcionaria administrativa do concello, adscrita ao Servizo de secretaria, que actuará con voz pero sen voto, Pilar Rivera Rodríguez.

Terceiro.- O órgano de contratación poderá designar os asesores especializados que resulten necesarios, os cales actuarán con voz pero sen voto.

Cuarto.–Para a adxudicación de contratos doutro tipo, nomearase unha mesa específica para cada un deles.

Quinto.–O presente acordo producirá efectos para todas aquelas licitacións iniciadas a partir do 9 de marzo de 2018.

Sexto.–Publicar a composición desta mesa permanente no Perfil do contratante do Concello de Valdoviño a efectos de transparencia e publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia ao amparo do previsto no artigo 51.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas."

Non obstante, o Pleno resolverá o que estime máis convinte.
Valdoviño, 9 de marzo de 2018
O Alcalde,
Asdo.: Alberto González Fernández."

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes acordou aprobar a proposta de Alcaldía transcrita, relativa á composición da Mesa de contratación permanente para os contratos de obras.

4º.- APROBACIÓN MEMORÍA VALORADA DE: "ACTUACIÓNS EN MONTEFARO E MEIRÁS (VALDOVIÑO); INVERSIÓN DA EMPRESA "VIAQUA".-

"Ditame favorable da Comisión informativa de Planificación Territorial e Xestión Administrativa da sesión do 12.03.18/:

No prego de condicións económico-administrativas que rexeu o concurso para a contratación da concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e rede de saneamento do Concello de Valdoviño (e polo tanto que forma parte do contrato asinado en 1999) , establécese na súa claúsula 16ª, que se refire ás proposicións e documentación, e en concreto nas referencias ao sobre "C", o seguinte;

"Asimesmo , incluíranse a contía do investimento en obras de ampliación, mellora ou acondicionamento da rede de subministro de auga ou saneamento que o licitador se comprometese a executar.
A contía das obras en investimentos será dun mínimo de 40 millóns de pesetas durante a duración do contrato.
Os proxectos técnicos das obras a executar serán decididos e aprobados polo Pleno da Corporación e redactados por este, correspondendo a súa execución e custe ó adxudicatario."

A empresa Viaqua presentou por encargo do Concello de Valdoviño, memoría valorada (que comprede a memoría descriptiva, planos e orzamento) denominada: "Actuaciones en Montefaro y Meirás (Valdoviño)", datada de xaneiro de 2018 e asinada por Efrén Díaz Rodríguez en calidade de Xefe de explotación da citada empresa; cun presuposto de execución material 13.739,35€, presuposto base de licitación de 16.349,83€; IVA 21%).- 3.433,46€ e presuposto total de Dezanove mil setecentos oitenta e tres euros e vinte e novo céntimos (19.783,29€).

Polo Alcalde propónse a adopción do seguinte Acordo polo pleno, previo ditame desta comisión informativa:

PRIMEIRO: Aprobar a memoria valorada de denominación: "Actuaciones en Montefaro y Meirás (Valdoviño)", e autorizar á empresa da concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e rede de saneamento do Concello de Valdoviño "Viaqua" a efectuar a dita actuación de importe de execución material 13.739,35€; , presuposto base de licitación de 16.349,83€; IVA 821%).- 3.433,46€ e presuposto total de Dezanove mil setecentos oitenta e tres euros e vinte e novo céntimos (19.783,29€); con cargo a mellora que ofertou para que lle fose adxudicado o contrato.

SEGUNDO.- Considerase axeitado que a dita actuación sexa realizada polo concesionario do servizo integral de auga, dentro da obriga de realización de inversión durante o período da concesión do contrato de xestión do servizo de abastecmento de auga e rede de saneamento municipal.

TERCEIRO; Dar conta ao concesionario do acordo adoptado aos efectos de que inicie os traballos de execución.

Visto o anterior ditame polo Pleno da Corporación, quedou aprobado por este órgano, mediante votación ordinaria e por maioría; cos votos favorables dos grupos do PSdeG-PSOE, CENVAL E BNG (7 votos) e a abstención dos grupos do PP e U POR V (5 votos).

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

5º.- DAR CONTA AO PLENO DE DECRETOS DE ALCALDÍA. (EMITIDOS DENDE O 09/02/2018 AO 09/03/2018).

En virtude do estipulado no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades locais, dáse conta ao Pleno da Corporación dos decretos emitidos dendo o 9 de febreiro ao 9 de marzo de 2018, que abarcan os números de 43 ao 85, ao obxeto de que os/as concelleiros/as teñan constancia do desenvolvemento da administración municipal, e aos efectos do control e fscalización dos órganos de goberno, previstos na LRBRL (Lei Reguladora das Bases de Réxime Local).
O Pleno tomou razón

6º.- DAR CONTA DE INFORMES ECONÓMICOS

Informase, á Corporación da Resolución de aprobación de Plan presupuestario a medio prazo 2019-2021 a efectos da comunicación de datos a través da Oficina virtual das Entidades Locais antes do 15.03.18 (Decreto nº 95/2018, de data 15.03.18).
Constan anexos adxuntos coma documentación complementaria, específicativos do contido da Resolución mencionada.
O Pleno da Corporación tomou coñecemento.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Ameneiros Serantes.- Preguntara nunha sesión pola recollida de aceites.
Sr. Vega Fernández.- Vaise habilitar para a recollida no centro comercial.

Sr. Ameneiros Serantes.- En canto a marquesiña de Suárez, debería de pecharse para protexer aos nenos, cando chove mollanse moito.

Sr. Ameneiros Serantes.- Este concello necesita unha reactivación económica, deberiamos sentarnos e facer algo, coma un incentivo de bonificación do ICIO, e no IBI para xente que vive aquí, hai parroquias nas que a población está baixando, deberiamos incentivar que a xente se empadroe.
O concello non vai perder ingresos, hai que publicitar e incentivar o crecemento.
Tamén incentivos na bonificación a empresas, no lixo, IBI… etc.
No sector primario tamén deberiamos actuar, sacar un paquete de medidas para que Valdoviño medre. Hai que facer política a largo prazo.
Sr.Beceiro Rodríguez.- Sería convinte reunirse.

Sr. Ameneiros Serantes. Un concello tiña que ter un protocolo para informar ás empresas que queiran vir a Valdoviño e para informarselles das axudas.
Sr. Alcalde.- Estase intentando facer e informar a xente

Sr.Bacorelle Robles.-
.- Lembro o rogo que xa fixera noutra sesión de que para Semana Santa se abran os baños da praia.

.-A marquesiña que está preto do establecemento "Josvy" está en moi mal estado.

.- Sábese algo máis do asunto do Planeamento?
Sr. Alcalde.- Nos requiriron da Xunta para compretar a documentación. Hai que sacar a licitación o planeamento.

Sr.Bacorelle Robles.- Hai información do campo de fútbol de Mourente?
Sr. Alcalde.- Estamos pendentes da Diputación.

Sr.Beceiro Rodríguez.- Os fixastedes na pista que vai por diante do establecemento do Brisas?. Da vergoña.
A Valdoviño tamén lle gostan as pistas de aglomerado. Hai que facer un plan e o que se amañe, amañalo ben. Hai que comezar. En todas as parroquias hai unha rúa principal e vías secundarias; empecemos a traballar.

.- Cómo está o tema do alumeado?
Sr. Alcalde.- Están traballando nel, pero estou desexando que me a documentación dunha vez.

Sr.Beceiro Rodríguez.-Vaise facer algunha actuación nas praias en Semana Santa?

Sr. Alcalde.- Non o miramos porque vai a haber temporais. Se retiraron dúas seccións de pasarelas. O miraremos.
Sr.Beceiro Rodríguez.- Podemos facer unha reunión e os podo dicir como facelo.
Sr. Alcalde. Cando queiras.

Sr.Beceiro Rodríguez.- Contratouse un técnico deportivo?

Sr. Alcalde.- Si, ata que chegue a subvención, é contratación temporal.

Sr.Vigo Lago.- As cunetas hai que amañalas. Estádes facendo adecuacións?
Sr. Vega Fernández.- Si

Sr.Vigo Lago.- O escrito de aforro energético que solicitei está listo?
Sr. Vega Fernández.- O están preparando.

Sr.Vigo Lago.- As obras ilegais no Moucho ¿Cómo van?
Sra. Secretaria.- Ata que chegue a sentenza non podemos continuar co expediente de reposición da legalidade urbanistica.

Sr. Rodríguez Fernández. ¿Cantos licitadores se presentaron para a explotación da cafetería da praia da Froxueira "Chiringuito"?
Sra. Secretaria.- Dous mínimo, pero non o comprobei.

Rematado o turno de rogos e preguntas, cando son as vinte e unha horas e vintecinco minutos, o Sr. Alcalde, levanta a sesión, da que coma Secretaria municipal, estendo a presente acta e CERTIFICO.

V. e Pr. A Secretaria,
O Alcalde,